



**Confederación Intersindical Galega**

BANCA, AFORRO, SEGUROS E OFICINAS

**CONVENIO DA BANCA PRIVADA**

Comunicado nº 3

## **AEB rexeita as propostas sindicais en salarios**

Na reunión de hoxe, a Patronal dá contestación ás propostas sindicais en materia salarial dando unha explicación pormenorizada a todas aquelas cuestións que significan aumentos dos custes. Negan por activa e por pasiva a perda de poder adquisitivo, explicando que cada convenio é un todo, e que cada negociación debe comezar de cero. Fan unha referencia ás cláusulas pactadas nos anos 2003-2004 e 2005-2006, período no que todos os traballadores e traballadoras perdemos poder adquisitivo segundo o IPC, xa que estas cláusulas non tiñan carácter retroactivo.

### **Contestacións AEB:**

**Suba Salarial:** non fan contraproposta, negan a perda salarial acumulada e propoñen que se o IPC real a fin de ano é máis baixo que a suba que se estableza, o persoal debería devolver o salario cobrado de máis.

**Bolsa de vacacións:** pretenden unha corrección da Bolsa de Vacacións establecendo unha media dos importes actuais e aplicándoa para todo o ano, independentemente do período vacacional que se disfrute, o que implica unha nova perda salarial.

**Paga de beneficios:** rexeitan calquera tipo de modificación que mellore a participación do persoal nos beneficios.

**Retribucións en especie:** propoñen incorporalas como un concepto retributivo máis na estrutura salarial do convenio.

### **Contestación CIG:**

No que respecta ás retribucións en especie, consideramos interesante a proposta polo que supón de aforro fiscal, pero para que isto sexa así, os nosos salarios deberían ser decentes e non os que percibimos agora. Insistimos na perda histórica de poder adquisitivo e na necesidade de resolver esta débeda salarial acumulada. É imprescindible ánimo e vontade de negociar propostas concretas por parte da patronal e debe facerse unha adecuación entre salario, perda de poder adquisitivo e os inxentes beneficios que están a recoller os bancos, e lle lembramos á patronal que os artífices máis importantes da boa marcha das empresas somos os seus traballadores e traballadoras.

O tema da xornada quedou atrasado para o vindeiro día 20, no que teremos reunións de mañá e tarde.

Seguiremos informando...



Galiza, 15 de marzo de 2007

Podes consultar a nosa plataforma de convenio na páxina web da CIG: <http://www.galizacig.com>